



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE BARREIROS EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL E EMERXENCIAS PARA COLABORAR NOS GASTOS DE ADQUISICIÓN DUNHA MOTO ACUÁTICA

Conforme o 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 136/2024, do 20 de maio, (DOG núm. 101, do 27 de maio), polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, establécese que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, téñen atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Antecedentes:

Entre os medios e recursos mobilizables pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é conveniente contar con medios propios e alleos, sendo obxecto deste convenio a colaboración co Concello de Barreiros en materia de emerxencias, entendendo esta como a actividade destinada a seguridade dos cidadáns e os seus bens, a través do interese na prevención e socorro así como na practica individual e colectiva da autoprotección, como medidas primordiais para evitar riscos o cando menos minorar as consecuencias dos posibles accidentes.

O servizo de protección civil é un servizo esencial e de carácter excepcional na nosa comunidade xa que funciona as 24 horas do día os 365 días do ano. Ao ser imposible planificar todas as actuacións nas emerxencias, xa que ocorren a calquera hora e día do ano, estas non se poderían afrontar coa mesma garantía se non se tiveran en conta todos os medios existentes, especialmente aqueles de carácter especializado e mais próximo ao lugar onde se actualizan as emerxencias.

O Concello de Barreiros quere reforzar o servizo de protección civil e emerxencias para prestar a atención debida ao seu territorio e poboación, precisando de medios básicos, entre os que se atopa unha moto acuática. Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva no concello por esta entidade non son, polo tanto, de aplicación os principios de publicidade e conco-



rencia pública, de acordo co establecido no artigo 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na Administración Pública Galega.

Finalidade:

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar un convenio que estableza as bases para a colaboración, en materia de emerxencias, entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e o Concello de Barreiros, co fin de colaborar economicamente na compra dunha moto acuática.

Dado que estas funcións son exercidas polo citado concello non son, polo tanto, de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na Administración Pública Galega.

O convenio ten por obxecto establecer as bases para a colaboración, en materia de emerxencias, entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e o Concello de Barreiros, co fin de colaborar economicamente na adquisición dunha moto acuática para a atención ás emerxencias.

A tales efectos colaborarase economicamente con esta entidade na adquisición do referido equipamento para a prestación do servizo de protección civil e emerxencias e salvamento en praias, e prestar colaboración aos concellos limítrofes, en determinadas situacións de emerxencias.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, colaborará no financiamento dos custos que xeren as actividades obxecto do presente convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 35.06.212A.760.0 e código de proxecto 2015-00107 dos orzamentos do ano 2024, por un importe de **vinete mil euros (20.000 €)** para adquisición dunha moto acuática para a atención ás emerxencias.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, de 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicarlle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela

O director xeral de Emerxencias e Interior

Santiago Villanueva Álvarez

